



Rúa do Concello, 15
27765 Trabada (Trabada)

CIF: P 27 061 00 A

ACTA DO TRIBUNAL DA OPOSICIÓN- CONCURSO PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017-2018 SELECCION AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Reunidos na Casa do Concello de Trabada , ás 12.30 horas, o 27 de outubro de 2017 os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para resolver unha reclamación presentada contra a proposta realizada por este tribunal nas probas selectivas para prover a praza de persoal laboral auxiliar administrativo, son:

- Begoña Gonzalez Pedregal , Presidente do Tribunal.
- Maria Del Carmen López González , Vogal do Tribunal.
- Raquel Meilán Sanchez , Vogal do Tribunal.
- Begoña Teijeiro Campo , Secretario do Tribunal.

Todos os membros actúan no seu propio nome a título individual, sin representar a entidade algunha.

A aspirante Hermínia Carbajales Rodríguez, con NIF 76.938.281-S, presenta o 26 de outubro unha reclamación na que solicita que se revise tanto o exame como a valoración de méritos por non estar conforme coas puntuacións dos mesmos.

Os membros do tribunal revisan tanto o exame realizado pola aspirante como os méritos presentados e resolven o seguinte:

- valorar con 0,25 puntos o título de Diplomada em Ciencias Empresariais pola Universidade de Oviedo que non se tivo en conta na primeira valoración.
- Manter a valoración dos cursos de formación xa que segundo as bases únicamente se valora o de maior puntuación dunha mesma especialidade polo que en materia de informática valorase o de maior número de horas (260) con 1,25 puntos.
- Rectificar a nota do exercicio tipo test xa que as preguntas que aparecen acertadas son 17 e non 16 como se computou na primeira valoración.

Polo tanto, con estas correccións, a valoración final de Hermínia Carbajales Rodríguez sería de 7,6, e polo tanto supera en puntuación á aspirante proposta inicialmente polo Tribunal, o que se lle comunica á alcaldía para que proceda ó nomeamento da seguinte aspirante por ser a que maior puntuación alcanzou:

- Dona Hermínia Carbajales Rodriguez, con DNI 76.938.281-S.

A Presidenta dá por terminada a reunión ás 13.00 h. E para que quede constancia do tratado, eu, o Secretario, redacto Acta que someto á sinatura do Presidente e Vogais presentes; dou fe.

En Trabada, a 27 de outubro de 2017.

Sinaturas,

